



I.P.M.P.A. VIGO	PA-04-01-00 COMPRAS, AVALIACIÓN DE PROVEDORES E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	Data: 08/05/2024
		Páxina: 1 de 2

INFORMACIÓN DE CONTACTO

As empresas que estean interesadas en ser provedoras poden contratar co centro a través do correo electrónico inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.es e/ou por vía telefónica no número 886110825, en horario de 8:00 a 15:00 de luns a venres.

PRODUTOS

INFORMACIÓN DOS REQUISITOS EXIXIDOS AOS PROVEDORES

O IPMPA Vigo ten implantado o sistema de xestión da calidade e realizarán unha avaliación de provedores anual como elemento clave para o correcto desempeño das nosas actividades.

REQUISITOS AOS PROVEDORES

Se ante unha das nosas necesidades un novo provedor ofrece condicións de prezo, prazo de subministro e características técnicas ou requisitos de produto axeitadas á demanda, procederase á realización do pedido solicitando aqueles requisitos que sexan necesarios para cumprir coa normativa vixente, ademais:

- Para instalacións e equipos que deban ser inspeccionados por un Organismo de Control Acreditado (OCA), solicitarase certificado de acreditación de dito organismo
- No caso de empresas que acometan traballos no interior das nosas instalacións ,solicitararase documentación acreditativa do cumprimento coa normativa de prevención de riscos laborais.

ENTREGA DE MERCADORÍAS

Realizarase na conserxería onde se firmará o alabarán de entrega pola persoa responsable do pedido. No caso de que non se puidese localizar a persoa responsable, o/a conserxe firmará a recepción do material coa anotación no apartado de observacións "PENDENTE DE VALIDACIÓN" para que unha vez validado se permita o pago da factura correspondente.



I.P.M.P.A. VIGO	PA-04-01-00 COMPRAS, AVALIACIÓN DE PROVEDORES E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	
		Data: 08/05/2024
		Páxina: 1 de 2

AVALIACIÓN DE PROVEDORES

Os provedores avaliaranse segundo a calidade do produto ou servizo, prezo e cumprimento de requisitos formais (entrega de albarán valorado, cumprimento cos prazos de entrega acordados).

Os provedores novos son avaliados tras 3 pedidos ao final do curso académico.

Tódolos provedores son reavaliados como mínimo unha vez ao ano polo Comité de Revisión.

O Comité de Revisión está composto pola director/ora, o /a secretario/a, os xefes do departamento con competencias docentes e ou habilitado/a (que será o secretario/a de dito Comité).

Reunido o Comité estudaranse tódolos provedores e se valorará o:

- Número de incidencias do periodo.
- Tipo e gravidade das incidencias.
- Impacto económico das incidencias.
- Número de subministros durante o periodo.

En base a este estudio, o Comité valora a necesidade de deshomologar ou non a cada un dos provedores.

No caso de que algún provedor resulte deshomologado farase constar esta condición na lista de provedores do centro así como o/os motivo/s que sexan causa desta decisión.